

QUE CHE DI ESA NATUREZA?

1759

Hong Sangsoo, 2025

ESTREA EN NUMAX: 29.05.2026 | V.O.S.E. | +12 | 108 min

Dirixida, escrita, producida, fotografada e composta por Hong Sangsoo na súa faceta de home-orquestra do cinema, "Que che di esa natureza?" segue o mozo poeta Donghwa, que visita por vez primeira a casa familiar da súa moza Junhee, descubrindo que é máis grande e luxosa do que pensaba. Alí coñece os seus sogros e a súa cuñada, e acaban pasando o día xuntos, entre conversas, comida e bebida. Conforme flúe o alcol, irán xurdindo tensións e revelándose segredos.

«Hong Sangsoo non defrauda aos seus fans con outro filme sobre a beleza, o amor e as pequenas miserias»

Nando Salvà, EL PERIÓDICO



Entrevista con Hong Sangsoo:

«Normalmente, elixo a localización, logo os actores e logo a meteoroloxía, aceptando o tempo que faga»

Nesta película centra a súa atención nunha familia e nunha persoa que está a piques de converterse en membro desa familia. Pode falarnos desa decisión de centrarse nunha familia? Non penso en que quero lanzar unha mensaxe e a partir de aí creo un material. Non fago iso. Creo que o que se me dá é moi importante, e nese momento, o que se me deu é esta xente coa que me atopei nunha ocasión, nunha pequena festa. E ela (Kang Soyi) tamén estaba alí, e saíu o tema de que os seus pais vivían nunha pequena vila e demais. Así que imaxinei uns pais vivindo nunha pequena vila tranquila. Tamén nos contou que o seu pai criaba galiñas. Así que, medio de broma, díxenlle que quizais os seus pais deberían invitarme. Ela preguntoullo de verdade e invítáronme a ir. Tivemos unha agradable comida, comemos pito. E ese foi o inicio da película, a experiencia que tiveron cos seus pais. De feito, este mozo é realmente o seu noivo, así que ese día veu comigo e pasamos todo o día xuntos. Pensei que ese podía ser o material para a película. Iso foi o que se me deu e empecei o proceso, como sempre fago. Normalmente, elixo unha localización, logo aos actores e logo penso na meteoroloxía, aceptando o tempo que faga. E con eses tres elementos, penso algo.

Creo que a película trata principalmente sobre o sentimento poético. Son a poesía e o cine formas de expresar as máis profundas actitudes existencialistas? É vostede moi amable polas súas palabras. Pero non sei que dicir. Cada detalle da película pode dicir que está alí expresamente, pero non como unha ferramenta ao servizo da expresión dunha idea. Acepto eses detalles como pezas que se van unindo para formar un todo. Sempre son moi reticente a falar de por que fixen tal película, por que o sinto así ou o que quere dicir unha película. Porque hai moitas ideas, moitos estereotipos e moitos elementos non verbais, moitas cousas que se combinan na obra. Alguén pode ver unha película e elixir un elemento, ou facer algunha reflexión. Pero outra persoa elixirá outro elemento e fará outra reflexión. Iso é o que me gusta.

Parece vostede fascinado pola linguaxe. N'A *vixante*, o personaxe principal era unha profesora de idiomas, e aquí o personaxe principal é un poeta. Ademais, nas súas películas, o diálogo está sempre presente, non hai case momentos de silencio. Así que teño curiosidade por saber que lugar ocupa a linguaxe no seu cine e se é un elemento central da súa narración. Non o sei. Normalmente reacciono, no bo sentido, ante o material que se me ofrece. Non pretendo facer películas doutro xeito. E non sei nada cando empezo. Así que para min o inicio é algo importante. Cada vez o valoro máis. A razón para empezar a traballar con el (Ha Seongguk), por exemplo, foi que estábamos nunha pequena reunión, falando de algo e preguntéille en que andaba metido. E faloume da súa noiva. Eu non sabía nin que tiña noiva. E dixo que o estaba esperando fóra, que o levara en coche, pero que era moi tímida e non se atrevía a entrar. Pedínlle que entrase. E logo, souben que quería ser actriz e empecei a pensar en traballar con ela (Kang Soyi). Ese é un bo exemplo de como empeza o meu proceso, e ese proceso é o que máis agradezo. A ver se podo poñer un exemplo. Digamos que hai un actor moi famoso, poderoso, con moito talento e demais, e quero traballar con el. Esa sería unha forma de valorar a intención e o proceso. Pero eu non lle vexo moito valor a ese tipo de proceso. O que se me dá é sempre algo máis inesperado e agradable.